



## **CONVOCATORIA PARA UNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUN MÓDULO FORMATIVO EN LIÑA SOBRE O TRABALLO DE ASF-GALICIA.**

### **1.- OBXECTIVO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten como obxectivo a contratación **dunha persoa ou equipo consultor para a elaboración dun módulo formativo en liña sobre o traballo específico que se realiza en ASF-Galicia**, para facilitar a formación das novas persoas voluntarias na fase de entrada e acollida á organización no eido do *“Proxecto de xestión do voluntariado con incidencia nos coidados, na formación e na sensibilización no eido do traballo de Arquitectura sen Fronteiras - Galicia”* financiado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

### **2. CONTEXTO DA CONVOCATORIA**

Tendo en conta os antecedentes da organización e a execución previa de dous proxectos de acción voluntaria apoiados pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, obsérvase unha gran melloría no traballo de xestión do voluntariado e da súa formación con atención especial aos coidados grupais e persoais en ASF-G. Mais este trátase dun proxecto que pola súa natureza debe ter continuidade no tempo, sempre que a organización se siga a nutrir do traballo de persoas concienciadas e comprometidas coa participación solidaria de carácter voluntario. Por isto, a permanencia das accións que con este proxecto dan continuidade aos dous anteriores xustifícase na necesidade constante de fortalecer as capacidades e coñecementos do voluntariado e de atender os seus coidados, así como sensibilizar á sociedade galega na importancia da labor voluntaria para a transformación social.

Neste eido, plantéxase a elaboración dun novo módulo sobre ASF-G na formación en liña sobre iniciación ao voluntariado en ASF.

Na actualidade, ASF-E conta cunha formación inicial en liña para o novo voluntariado denominada *“Introducción al voluntariado de Arquitectura sin Fronteras”* que se facilita a través da plataforma ASForma - Espacio Virtual de Formación de Arquitectura sen Fronteiras ([ver enlace](#)). Esta formación creouse no marco do proxecto de voluntariado da Demarcación de Levante de Arquitectura Sen Fronteiras financiado pola Generalitat Valenciana, e baseouse no Manual de Formación do Voluntariado, redactado en 2015 que ata o momento se entregaba en versión dixital a todas as persoas voluntarias que se incorporan á organización.

Este Manual de Formación é un documento de apoio na fase inicial da incorporación que ten un alcance limitado debido á falta de interacción, o cal reduce as posibilidades dunha aprendizaxe constante e duradeira. Por iso, tras un proceso de avaliación sobre o impacto do documento nos coñecementos do novo voluntariado, considerouse necesaria a implantación dun curso básico en liña de introdución á acción voluntaria, á cooperación internacional e local e á educación para o desenvolvemento (nos ámbitos sectoriais máis específicos de ASF como o hábitat, xénero, dereito a vivenda, etc).

Esta formación pretende, por tanto, ser unha ferramenta de formación ás novas persoas voluntarias interesadas en formar parte da organización **dunha maneira amena e didáctica, mediante vídeos, enlaces a páxinas web e experiencias doutras persoas voluntarias.**



Os módulos didácticos para esta fase inicial son os seguintes:

1. Arquitectura Sen Fronteiras.
2. **Traballo en cada delegación.**
3. Cooperación para o desenvolvemento.
4. Hábitat.
5. Elaboración dun proxecto de cooperación.

### **3. TAREFAS DA CONSULTORÍA**

Para continuar a implementación do Plan de Acción voluntaria de ASF-G e aliñándonos co Plan Estratégico Nacional e os Proxectos de Voluntariado das outras delegacións da organización, **elaboraranse os contidos da formación en liña sobre o traballo que realiza ASF-G (módulo 2 da formación en liña)**. Esta formación ten un dobre obxectivo: Por unha banda, permitir ás novas persoas voluntarias coñecer o traballo de toda a demarcación e poder decidir en que grupo ou actividades da organización quere levar a cabo a súa labor voluntaria segundo os seus intereses e as súas capacidades. Por outro lado, con este módulo poderanse ampliar os canais de difusión do traballo de ASF-G e da importancia da acción voluntaria na sociedade galega.

- Deseño dos contidos. En colaboración co grupo de voluntariado, deseñárase o formato e a metodoloxía mais axeitada para expor os contidos (redacción dun módulo, material audiovisual, ilustracións, outros...)
- Elaboración do material. No formato escollido para a realización do módulo expoñer as áreas de traballo de ASF-G, os proxectos realizados, os grupos existentes e o seu traballo etc. Os novos contidos elaboraranse en galego e castelán, facilitando o acceso do noso voluntariado á información en ambos idiomas.
- Maquetación e preparación do curso en liña na plataforma.

O Grupo de Traballo de Voluntariado e Formación guiará e supervisará o traballo mediante reunións previas e de seguimento, así como una avaliación final por parte do grupo e corrección de posibles erros ou melloras por parte da asistencia técnica.

### **4. PERFIL REQUERIDO.**

- Experiencia en áreas de comunicación e deseño.
- Coñecemento de ferramentas pedagóxicas (plataforma moodle ou similar).
- Formación complementaria en áreas de cooperación, educación para a cidadanía global e/ou voluntariado.
- Idiomas requeridos: galego e castelán.
- Valorarase positivamente que a equipa ou persoa sexa voluntaria da organización polo seu coñecemento da estrutura e traballo de ASF-Galicia e ASF-España.

### **5. RETRIBUCIÓN E CONDICIONS.**

- Data de entrega do produto final: 23 de outubro.
- Retribución: 800 € (impostos incluídos). Realizarase un único pago ao finalizar o traballo.

Enviar CV e carta de presentación a [formacion.gal@asfes.org](mailto:formacion.gal@asfes.org) antes do 07 de setembro incluído.